

XLII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro cultural José Domínguez Guizán de Begonte —entidade que promove o Belén Electrónico—, co gallo do Nadal 2017 ven de convocar o XLII Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o deseen, con textos en galego ou castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

- 6 A remisión de orixinais farase por triplicado ao Centro cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil dezaoito.

7. Todos os traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), Nadal de 2017.

BASES